

Concello de Viveiro

EXPTE.- 1113/2024

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía, de data 28 de maio de 2024, relativo a Convocatoria para a selección de persoal laboral temporal **DE CINCO OFICIAIS**, para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral, ao abeiro da Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2024, con número de expediente: 1113/2024.

Vistas as Bases Xerais, os seus anexos e as Bases Específicas polas que se establecen as normas para a selección de persoal en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro.

Vista a Oferta de Emprego con n.º 12-2024-5260 do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

Vista a base xeral 8.1, que sinala "(...)Todos os membros do Tribunal deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

A designación dos membros do Tribunal farase por Resolución da Alcaldía e será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación..."

Vista a base xeral 8.2, que sinala "(...)O Tribunal constituirase en sesión de constitución nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a publicación do nomeamento dos seus membros..."

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear aos membros do Tribunal que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE:

Titular: Dona Lucía Míguez López, Traballadora Social do Concello de Viveiro.

Suplente: Don Luis Rodil Fernández, Profesor do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.

VOGAIS:

Titular: Don Antonio Río Rodríguez, Profesor do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.

Suplente: D. Antonio José Alvarez Neira, Director do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.

Titular: Dna. María Sonia García Rodríguez, Profesora do Conservatorio de Música do Concello.

Suplente: D. Delio Represas Carrera- Profesor de Trompeta do CMUS Viveiro.

Titular: D. Antonio Pernas Pérez, Administrativo de Urbanismo do Concello de Viveiro.

Suplente: Dna. Beatriz Vale Conesa- Xefa de Estudos e profesora de piano e LM do CMUS Viveiro.

SECRETARIO:

Titular: D. Jose Vivero Russo, Administrativo de Urbanismo do Concello de Viveiro

Suplente: D. Juan Cabalar Filgueiras, Profesor do Conservatorio de Música do Concello de Viveiro.

Colaboradora.- María Carmen Riveira Martínez, Administrativa do Concello de Viveiro.

SEGUNDO.- Citar aos membros do Grupo Mixto para que comparezan na sala multiusos deste Concello de Viveiro nas datas **MARTES 11 DE XUÑO DE 2024, ás 09:00 horas** para a súa constitución, valoración de méritos e entrevista dos aspirantes admitidos.

TERCEIRO.- Citar aos aspirantes que figuran na lista provisional e definitiva de admitidos para a entrevista, segundo as bases xerais, **o martes 11 de xuño de 2024 ás 09:00 na Sala de Xuntas do Concello de Viveiro.**



Concello de Viveiro

CUARTO.- Notificar a presente Resolución aos membros designados para o seu coñecemento, e publicar no tablón de anuncios dixital do Concello de Viveiro.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.

A Alcaldesa,

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2
do Real Decreto 128/2018.

María Loureiro García

María Luz Balsa Rábade

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

